- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do contrato de servizos consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato
- Autorizar o gasto por un importe 50.000,00 € (cincuenta mil euros), con cargo a partida orzamentaria 920-22706, do vixente orzamento.
- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante a invitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL) ás empresas Rodríguez Viñals, S.L. e Galivalia Consulstgo, S.L. e Consultores de Gestión Pública, S.L.
- Coa finalidade de incrementar a transparencia e a publicidade no ámbito da contratación

pública e en consonancia coa Decisión do 2 de agosto de 2016 do consello da Unión Europea, publicouse no perfil do contratante da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, con carácter simultáneo á remisión das invitacións, anuncio do contrato a celebrar no que se permite acceder aos pregos que rexen a licitación, para que os operadores económicos poidan presentar as ofertas correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrado o día 29 de maio de 2017, vista a proposta da Concellería de Persoal acordou adxudicar á empresa Galivalia Consulting, S.L., o contrato para a prestación do servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo, para a posterior valoración e confección dunha nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 35.123,97€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 7.115,70€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 41.000,00€, de conformidade coa oferta presentada e con cargo á partida 920.22706.

Os traballos desenvolvéronse con arranxo aos pregos de prescricións administrativas e técnicas que rexían o contrato.

Polas centrais sindicais durante a fase de elaboración da RPT, presentouse a seguinte documentación:

1. Con data 26 de outubro de 2018, CIG, UGT e CCOO, solicitan documentación e correccións, á entrega das fichas dos postos de traballo, realizada por Galivalia
2. Con data 29 de outubro de 2018, dona Elsa Pérez Fernández, en nome da central sindical CSIF, presenta modificacións ás fichas da RPT.
3. O 29 de xaneiro de 2020, dona María Teresa García Romero, en representación dos sindicatos CSIF, CIG, CCOO e UGT, solicita prórroga no tempo para realizar o estudo das últimas modificacións do documento da RPT e reunión coa concelleira de Persoal.
4. Con data 1 de marzo de 2019, polos sindicatos CSIF e CIG, preséntase proposta para RPT.
5. Con data 7 de febreiro de 2019, dona Elsa Pérez Fernández, presenta en representación das centrais sindicais CSIF, CIG, UGT e CCOO, proposta sindical conxunta sobre criterios de clasificación do complemento de destino.
6. Con data 4 de decembro de 2019, dona Elsa Pérez Fernández, presenta en representación das centrais sindicais CSIF e CIG, proposta conxunta en relación á RPT.
7. Con data 26 de marzo de 2019, dona Adela Miguens Muñiz, coma delegada sindical de UGT, presenta proposta sobre valoración do complemento específico.
8. O 3 de marzo de 2021, dona María Teresa García Romero, en calidade de secretaria da Xunta de Persoal presenta escrito la central sindical CSIF relativo á RPT onde lle da aprobación ao documento, sempre que o goberno local se comprometa por escrito a ter en conta una serie de puntos alí indicados.

Con motivo das propostas presentadas polas organizacións sindicais durante a elaboración da RPT, celebráronse numerosas reunións coas mesmas, non obstante, figuran formalizadas coa correspondente convocatorias e acta as seguintes:

Mesa Xeral de Negociación Conxunta celebradas nas seguintes datas:

11 de xullo 2017

19 de decembro 2017 3 abril 2018

10 de outubro 2018, 20 de decembro 2018 30 de xullo 2019

27 de novembro 2019

9 de decembro 2019

10 decembro 2020

18 decembro 2020

15 xaneiro 2021

18 de xaneiro de 2022

Finalmente con data 26 de xaneiro de 2022 levouse a cabo a sinatura formal do acordo coas centrais sindicais: CSIF e CIG e o Comité de Empresa, no que se indica o seguinte:

“ACORDO SOBRE APROBACIÓN DA NOVA RPT DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA ELEVACIÓN A PLENO DO CONCELLO A NEGOCIACIÓN DA RPT DO CONCELLO DE

VILAGARCÍA DE AROUSA E ACORDOS ANEXOS

No marco da negociación da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa adoptáronse os seguintes acordos:

Acórdase aprobar a proposta de organigrama e RPT que se anexa á presente acta.

O acordo é subscrito polas centrais sindicais CSIF, CIG e Comité de Empresa có visto bo da Xunta de Persoal.

Así mesmo e no marco da RPT adóptanse os seguintes acordos:

9. A situación económica actual dificulta que o Concello de Vilagarcía de Arousa poida facer fronte dunha soa vez ás repercusións económicas da valoración dos postos de traballo contempladas na RPT. Polo tanto, a aplicación económica da RPT farase efectiva de maneira progresiva ao longo de varios exercicios económicos. Se prevé que o primeiro ano de aplicación económica sexa a partir da súa aprobación definitiva no pleno municipal, producíndose o seu remate no exercicio do ano 2024, sen prexuízo de que as circunstancias económicas imposibiliten materialmente a aplicación da anterior previsión. En todo caso, con ocasión da elaboración e aprobación dos orzamentos municipais de cada exercicio, determinarase a forma e porcentaxe final de aplicación económica da RPT, sendo a previsión que a porcentaxe quede establecida nun 40% do seu custe para este ano 2022, nun 30% para o 2023 e noutro 30% para o 2024.

35. Mentres a aplicación económica da RPT non este totalmente implantada, non serán de aplicación as fichas descritivas de funcións, polo que non haberá incremento de funcións dos/as traballadores/as.

61. Que na valoración dos postos de traballo contida na RPT non se tivo en conta a valoración da nocturnidade. En consecuencia, os empregados que por razón das necesidades do servizo exerzan as súas funcións en horario nocturno serán compensados a razón de 21,90 euros por cada xornada nocturna completa que se realice, tendo dita compensación económica a consideración de gratificacións extraordinarias, de conformidade co previsto no artigo 137.2 d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Dita compensación pola nocturnidade comezarase a aplicar a partir da súa aprobación definitiva no pleno municipal.

IV. A RPT garante, en todo caso, o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Vilagarcía de Arousa, respectando os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade (anticipo RPT e outras retribucións). Deste xeito, coa aprobación e implantación da RPT, ningún dos/as traballadores/as sufrirá merma de ningún tipo na suma total de retribucións brutas que percibe no momento actual, tal e como se dispuxo no prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexeron a adxudicación do contrato de elaboración da RPT.

Por último, todas as partes acordan que se prosiga cos tramites correspondentes de cara á aprobación da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa polo Pleno Municipal.”

O documento consta asinado polas seguintes persoas representantes:

En representación de CSIF D. Jerónimo Fernandez Vicente

En representación de CIG Dña Bernardina Porral Mosquera

En representación do Comité de Empresa D. Ramiro Agrelo Iglesias

Outorgando o VºBº Xunta de Persoal D. José Luis Vila Gómez

Tendo en conta o exposto, e visto o informe favorable da Secretaria Xeral, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o organigrama e relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa tal e como consta na documentación obrante no expediente, coas salvedades que se fan constar na presente proposta.

SEGUNDO: Expoñer ao público a documentación que compón a RPT polo prazo de 20 días. Transcorrido dito prazo a aprobación elevarase a definitiva se non se presentan reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno tras a resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

TERCEIRO: Unha vez aprobada definitivamente, remitiráselles copia da relación de postos de traballo aos órganos competentes da administración xeral do Estado e da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

CUARTO: Na documentación obrante no expediente, procede facer as seguintes correccións:

Durante o proceso de elaboración da documentación de organigrama e nova RPT municipal se teñen adoptado polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria de data 5 de abril de 2021 medidas organizativas respecto aos seguintes postos de traballo polo que procede ter en conta as mesmas respecto ao documento entregado por Galivalia SL:

O posto de Encargado de Emerxencias que no documento aparece reservado para o seu desempeño no Subgrupo C1, está actualmente en proceso de promoción interna encadrado no Subgrupo C2, polo que procede modificar dita circunstancia.

O posto de Encargado do servizo de Feiras e Eventos aparece reservado ao Subgrupo C2 cando dito posto de traballo na vixente RPT se encadra no subgrupo C1 e se atopa actualmente en proceso de promoción interna.

O posto denominado “Técnico de RRHH” integrado na Secretaría Xeral, dito posto foi modificado e pasou a denominarse “Xefe de Servizo de RRHH” polo que procede considerar dita modificación xa aprobada polo Pleno Municipal respecto a valoración dos factores do CE.

Con relación ao posto denominado: “Técnico/a de comunicación, publicidade e arquivos - xefe/a unidade“, a denominación correcta debe ser: “Técnico/a de comunicación, publicacións e arquivos - xefe/a unidade.

QUINTO: Repercusión económica da nova valoración de RPT.

En termos económicos o custe da aplicación da nova RPT para o Concello ascende a un total de 562.489,40€; de este custe total a creación de novos postos de traballo supón 76.184,12€ e a nova valoración dos postos xa existentes o restante 486.305,28€.

A aplicación económica da RPT segundo o acordo acadado coas organización sindicais levarase a efecto dende a súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal en un período de tres anualidades naturais (2022-2024).

Respecto a estimación de valoración económica da aplicación da nova estrutura de organigrama e Relación de Postos de Traballo e con relación especial a aqueles postos de traballo que viñan percibindo segundo o Acordo Marco e Convenio Colectivo importes por realización de servizos extraordinarios en día festivo ou xornada ordinaria día domingo, ao integrarse estas circunstancias na valoración do Complemento Específico deixaríanse de percibir os conceptos anteriores vixentes e quedarían sen efecto as previsión do Acordo Marco, e no cálculo da repercusión económica deberán minorarse nos importes correspondentes e que no ano 2021 foron os seguintes:

ESPECIFICO XORNADA DOMINGO	17.014,95 €		
GRAT. SERV. EN FESTIVO	77.564,24 €		
Total general	94.579,19 €		

A repercusión económica neta respecto dos postos de traballo xa existentes é de 391.726,09€ para o período 2022 a 2024. Polo que no ano 2022 destinarase a aplicación da nova RPT un máximo de 156.690,44€ para a anualidade completa dende o 1 de xaneiro e que será proporcional ao momento do ano no que finalmente resulte aprobada definitivamente,

SEXTO: Na nova valoración de retribucións complementarias se inclúe o denominado “Anticipo a conta de RPT” que se viña aboando dende o ano 2010, e que unha vez integrado nas retribucións complementarias queda extinguido de modo definitivo para todos os postos de traballo sen que da valoración resultante proceda a regularización de importes xa percibidos.

SETIMO : A aprobación da RPT tamén supón a aprobación dun documento no que se reflicte unha nova organización do corpo da Policía Local, que afecta fundamentalmente a distribución da xornada de traballo: quendas, calendario laboral e cuadrante laboral, vacacións e permisos, servizos en festivos especiais, asignación de servizos extraordinarios, cambios de quendas, todo elo coa finalidade de acadar unha prestación do servizo máis eficiente e garantir un servizo permanente e unha axeitada conciliación persoal e familiar aos empregados públicos.

OITAVO: Por outra banda as persoas que desempeñan postos de traballo integrados no Servizo de Emerxencias Municipal percibirán o complemento específico singular por nocturnidade nos mesmos termos en que xa viña contemplado para a Policía Local para as quendas de noite no artigo 44 do Acordo Marco vixente.

NOVENO: Na nova valoración das retribucións complementarias (CD e CE) dos postos de traballo se inclúe a valoración das funcións e tarefas que tiñan asignadas os postos de traballo abaixo relacionados por diferentes resolucións de gratificacións especiais periódicas, complementos singulares, etc... e que coa nova valoración quedan extinguidos e sen efecto as resolucións que as fundamentan.

ENCARGADO DE OBRAS COORDINADOR

ARQUITECTO

ARQUITECTO TÉCNICO COORDINADOR

TECNICO FP (B) INFORMÁTICA

ADMINISTRATIVA (Caixa Fixa)

XEFA SECCIÓN (Intervención delegada FPSDM)

XESTORA-ADMINISTRATIVA (Secretaría delegada FPSDM)

OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES (encargado FPSDM)

PROFESORA DIRECTORA CMUS

PROFESORA XEFA ESTUDOS CMUS

Coordinadora SPAD

PROFESOR DIRECTOR Banda Música

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da proposta da Alcaldía sobre o organigrama e relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vilagarcía de Arousa, xunto coa documentación que integra o expediente administrativo..

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o organigrama e relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa tal e como consta na documentación obrante no expediente, coas salvedades que se fan constar na presente proposta.

SEGUNDO: Expoñer ao público a documentación que compón a RPT polo prazo de 20 días. Transcorrido dito prazo a aprobación elevarase a definitiva se non se presentan reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno tras a resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

TERCEIRO: Unha vez aprobada definitivamente, remitíraselles copia da relación de postos de traballo aos órganos competentes da administración xeral do Estado e da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

CUARTO: Na documentación obrante no expediente, procede facer as seguintes correccións:

Durante o proceso de elaboración da documentación de organigrama e nova RPT municipal se teñen adoptado polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria de data 5 de abril de 2021 medidas organizativas respecto aos seguintes postos de traballo polo que procede ter en conta as mesmas respecto ao documento entregado por Galivalia SL:

O posto de Encargado de Emerxencias que no documento aparece reservado para o seu desempeño no Subgrupo C1, está actualmente en proceso de promoción interna encadrado no Subgrupo C2, polo que procede modificar dita circunstancia.

O posto de Encargado do servizo de Feiras e Eventos aparece reservado ao Subgrupo C2 cando dito posto de traballo na vixente RPT se encadra no subgrupo C1 e se atopa actualmente en proceso de promoción interna.

O posto denominado “Técnico de RRHH” integrado na Secretaría Xeral, dito posto foi modificado e pasou a denominarse “Xefe de Servizo de RRHH” polo que procede considerar dita modificación xa aprobada polo Pleno Municipal respecto a valoración dos factores do CE.

Con relación ao posto denominado: “Técnico/a de comunicación, publicidade e arquivos - xefe/a unidade”, a denominación correcta debe ser: “Técnico/a de comunicación, publicacións e arquivos - xefe/a unidade.

QUINTO: Repercusión económica da nova valoración de RPT.

En termos económicos o custe da aplicación da nova RPT para o Concello ascende a un total de 562.489,40€; de este custe total a creación de novos postos de traballo supón 76.184,12€ e a nova valoración dos postos xa existentes o restante 486.305,28€.

A aplicación económica da RPT segundo o acordo acadado coas organización sindicais levarase a efecto dende a súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal en un período de tres anualidades naturais (2022-2024).

Respecto a estimación de valoración económica da aplicación da nova estrutura de organigrama e Relación de Postos de Traballo e con relación especial a aqueles postos de traballo que viñan percibindo segundo o Acordo Marco e Convenio Colectivo importes por realización de servizos extraordinarios en día festivo ou xornada ordinaria día domingo, ao integrarse estas circunstancias na valoración do Complemento Específico deixaríanse de percibir os conceptos anteriores vixentes e quedarían sen efecto as previsión do Acordo Marco, e no cálculo da repercusión económica deberán minorarse nos importes correspondentes e que no ano 2021 foron os seguintes:

ESPECIFICO XORNADA DOMINGO	17.014,95 €		
GRAT. SERV. EN FESTIVO	77.564,24 €	Total general	94.579,19 €

A repercusión económica neta respecto dos postos de traballo xa existentes é de 391.726,09€ para o período 2022 a 2024. Polo que no ano 2022 destinarase a aplicación da nova RPT un máximo de 156.690,44€ para a anualidade completa dende o 1 de xaneiro e que será proporcional ao momento do ano no que finalmente resulte aprobada definitivamente,

SEXTO: Na nova valoración de retribucións complementarias se inclúe o denominado “Anticipo a conta de RPT” que se viña aboando dende o ano 2010, e que unha vez integrado nas retribucións complementarias queda extinguido de modo definitivo para todos os postos de traballo sen que da valoración resultante proceda a regularización de importes xa percibidos.

SETIMO : A aprobación da RPT tamén supón a aprobación dun documento no que se reflicte unha nova organización do corpo da Policía Local, que afecta fundamentalmente a distribución da xornada de traballo: quendas, calendario laboral e cuadrante laboral, vacacións e permisos, servizos en festivos especiais, asignación de servizos extraordinarios, cambios de quendas, todo elo coa finalidade de acadar unha prestación do servizo máis eficiente e garantir un servizo permanente e unha axeitada conciliación persoal e familiar aos empregados públicos.

OITAVO: Por outra banda as persoas que desempeñan postos de traballo integrados no Servizo de Emerxencias Municipal percibirán o complemento específico singular por nocturnidade nos mesmos termos en que xa viña contemplado para a Policía Local para as quendas de noite no artigo 44 do Acordo Marco vixente.

NOVENO: Na nova valoración das retribucións complementarias (CD e CE) dos postos de traballo se inclúe a valoración das funcións e tarefas que tiñan asignadas os postos de traballo abaixo relacionados por diferentes resolucións de gratificacións especiais periódicas, complementos singulares, etc... e que coa nova valoración quedan extinguidos e sen efecto as resolucións que as fundamentan.

ENCARGADO DE OBRAS COORDINADOR

ARQUITECTO
ARQUITECTO TÉCNICO COORDINADOR
TECNICO FP (B) INFORMÁTICA
ADMINISTRATIVA (Caixa Fixa)
XEFA SECCIÓN (Intervención delegada FPSDM)
XESTORA-ADMINISTRATIVA (Secretaria delegada FPSDM)
OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES (encargado FPSDM)
PROFESORA DIRECTORA CMUS
PROFESORA XEFA ESTUDOS CMUS
Coordinadora SPAD
PROFESOR DIRECTOR Banda Música

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE REALIZACIÓN DUN PLAN DE MEDIDAS PARA A HUMANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA PRAZA DOUTOR CARÚS E A SÚA CONTORNA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de marzo de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Plan de medidas para a humanización e dinamización da Praza Doutor Carús e da súa contorna
EXPOÑEN

A Praza Doutor Carús leva tempo sufrindo unha progresiva degradación en termos arquitectónicos e de dinámica social que contrasta fortemente coa súa posición céntrica e a súa

localización dentro do barrio do Castro, en pleno casco vello de Vilagarcía e núcleo primixenio da cidade. Non en balde, foi aquí onde a mediados do século XV construíronse as primeiras casas vinculadas aos pescadores e que, por tanto, presentan unhas características arquitectónicas dignas de conservación polo seu carácter histórico.

Pero dun tempo a esta parte, o aspecto que ofrece este lugar non se corresponde nin coa súa localización nin coas características da súa contorna. Afectando isto de maneira notable non só á imaxe que se ofrece da cidade aos visitantes, senón tamén contribuíndo a que a Praza Doutor Carús non constituía un polo de atracción en termos de espaxamento para a propia cidadanía vilagarcía.

Ao abandono que sofren as edificacións súmanse ademais diversas deficiencias do pavimento, así como as consecuencias derivadas dos continuos cambios en materia de tráfico e mobilidade. Os cales converteron a esta praza nun dos principais accesos ao centro de Vilagarcía actualmente.

Consideramos que o lugar ten múltiples potencialidades non só polas súas características histórico-arquitectónicas, senón tamén pola súa localización céntrica e a súa proximidade á Praza de Abastos, á zona portuaria e ás principais zonas de lecer nocturno e comerciais. Ao que habería que engadir a celebración do tradicional mercado os martes e sábados. Polo que resulta necesario buscar a maneira de sacar o máximo proveito a esta gran afluencia e contribuír con iso á dinamización e rehabilitación deste lugar.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía
SOLICITA

1. Que o goberno local de Vilagarcía acometa un plan de humanización e dinamización na Praza Doutor Carús e na súa contorna, que se complementa cunha ordenación efectiva do tráfico.

2. Que o goberno local, mentres este plan non se materializa, acometa as seguintes actuacións de xeito inmediato:

Corrixir as deficiencias que presentan o pavimento e as beirarrúas da Praza Doutor Carús.

Mellorar a sinalización horizontal da Praza Doutor Carús, especialmente no seu cruce coa Rúa Alexandre Bóveda.

Retirar os postes de luz de madeira que, debido á súa colocación, obstaculizan o tránsito.

3. Que o goberno local de Vilagarcía se implique na conservación e rehabilitación das edificacións a conservar na contorna da Praza Doutor Carús.

En Vilagarcía de Arousa, a 22 de marzo de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP de realización dun Plan de Medidas para a Humanización e Dinamización da Praza Doutor Carús e a súa contorna.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do, PP (5), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de realización dun Plan de Medidas para a Humanización e Dinamización da Praza Doutor Carús e a súa contorna.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde indícase que se celebrará o debate conxunto dos asuntos incluídos na Orde do Día cos números 12, 13 e 14, procedéndose posteriormente á súa votación independente.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á APROBACIÓN DUN PLAN PROVINCIAL ESPECÍFICO DE APOIO AOS CONCELLOS ANTE O INCREMENTO DO GASTO CORRENTE PROVOCADO POLO PREZO DA LUZ, DO GAS, DO COMBUSTIBLE E DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS:
Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de marzo de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Plan provincial específico de apoio aos concellos ante o incremento do gasto corrente provocado polo prezo da luz, do gas, do combustible e do subministro de materiais

EXPOÑEN

A invasión de Rusia sobre Ucraína está provocando unha grave crise humanitaria, pero tamén está alterando de xeito importante a nosa economía. A tarifa eléctrica leva á alza desde hai un ano, o que sumado ao incremento descontrolado do combustible e do gas e, como consecuencia do anterior, ao aumento do prezo dos subministros e materiais de obra, están mermando as economías domésticas, a competitividade das empresas e, tamén, está asfixiando aos concellos. As previsións máis optimistas calculan que o gasto corrente nos concellos incrementarase de media un 40%.

Os concellos pequenos da provincia, nos que o gasto corrente xa ocupa a parte máis importante dos ingresos, serán incapaces de asumir este aumento dos prezos.

Polo tanto, este incremento do prezo da luz, do gas, dos combustibles e dos subministros está alterando a economía dos concellos, e as familias veranse afectadas dobremente, non só pola repercusión directa que estes prezos desorbitados teñen na súa cesta da compra e na súa economía familiar, senón tamén porque moitos dos servizos públicos que reciben poden verse alterados.

Non debemos esquecer que estamos nun momento especialmente delicado, onde ademais se multiplican tamén solicitudes de axudas de emerxencia social de familias en situación de vulnerabilidade que son

incapaces de asumir o gasto eléctrico, ou familias que aínda están padecendo as consecuencias económicas provocadas pola crise sanitaria e que precisan axudas para alimentos, cuxo custe se está incrementando progresivamente, para pagar a súa vivenda, etc.

É fundamental que a Deputación de Pontevedra faga un esforzo e colabore cos concellos pequenos e medianos para financiar de xeito extraordinario ese incremento do gasto corrente, e que estes concellos poidan destinar eses recursos para cubrir as necesidades mínimas e básicas da poboación.

A preocupación nos concellos é evidente e por iso consideramos que a Deputación de Pontevedra non só debe compartir esta inqueda, senón que como institución máis próxima ás entidades locais e que debe prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, debe dar un paso cara adiante e poñer a disposición dos concellos pequenos e medianos un plan económico específico para que poidan facer fronte a estes gastos imprevistos. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a aprobar un plan económico específico para apoiar aos pequenos e medianos concellos da provincia ante o aumento esaxerado do gasto corrente, producido principalmente polo incremento do prezo da luz, dos combustibles e dos subministros de materiais.

En Vilagarcía de Arousa, a 22 de marzo de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa á aprobación dun Plan Provincial específico de apoio aos Concellos ante o incremento do gasto corrente provocado polo prezo da luz, do gas, do combustible e do subministro de materiais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5) e Podemos-Marea da Vila (1), 1 abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e trece votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a Moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa á aprobación dun Plan Provincial específico de apoio aos Concellos ante o incremento do gasto corrente provocado polo prezo da luz, do gas, do combustible e do subministro de materiais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA A UN PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRANIA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN: PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA

O Grupo Municipal dos Socialistas de Vilagarcía de Arousa de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PsdeG-PSOE vén de presentar un Plan urxente de medidas económicas e sociais.

Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte a situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a paliar as súas consecuencias, sobre todo ás persoas e sectores máis afectados e as persoas en situación de vulnerabilidade. O custo da electricidade, do combustible e de materia e determinados produtos descontrolouse porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos principais produtores de cereais e aceite de xirasol. Se a este contexto se suman os efectos negativos de dous anos de pandemia, aparece un horizonte escuro para a economía da que ameaza a ansiada

recuperación económica. Cómpre, polo tanto, actuar de maneira urxente, e, para iso, plantéxanse as seguintes medidas:

1. Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica. Baixada das tarifas nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% para o resto dos usuarios. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.

2. Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia). Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.

3. Plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais para compensar o aumento de custes do transporte. Posta en marcha dunha liña de axudas urxentes para axudar a costear a alza dos combustibles nos sectores da pesca, da agricultura e a gandería.

Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE a tipo reducido.

4. Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custe da electricidade, así como demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.

5. Identificación e impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

Impulsar desde a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

6. Redución das tarifas portuarias nun 75% tanto no que se refire a Portos de interese xeral como aos xestionados pola Xunta de Galicia.

7. Modificar os Orzamentos da Xunta de Galicia para aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, triplicando a partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros, o que permitía incrementar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias.

8. Garantizar o acceso aos servizos públicos, recursos e prestacións ás persoas procedentes de Ucraína.

9. Demandar da Xunta unha redución no tramo autonómico do IRPF para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estado unha rebaixa paralela.

10. Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Vilagarcía de Arousa, somete a consideración do Pleno da Corporación municipal dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica

Rebaixa nas taxas da ITV

Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.

Redución das tarifas portuarias nun 75%

Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables

Reformulación da Tarxeta Básica da Xunta

Redución no tramo autonómico do IRPF

Habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.

2. Instar ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha rebaixa significativa do custe da electricidade.

Redución das tarifas portuarias nun 75%

Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos

Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9

En Vilagarcía de Arousa, a 22 de Marzo de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa a un Plan urxente de medidas económicas e sociais de Galicia diante da crise derivada pola invasión de Ucraína.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica

Rebaixa nas taxas da ITV

Impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.

Redución das tarifas portuarias nun 75%

Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables

Reformulación da Tarxeta Básica da Xunta

Redución no tramo autonómico do IRPF

Habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.

2. Instar ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha rebaixa significativa do custe da electricidade.

Redución das tarifas portuarias nun 75%

Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos

Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA INSTAR Á UNIÓN EUROPEA A DESVINCULAR O PREZO DO GAS DO DA ELECTRICIDADE: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 10 de marzo de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de marzo, a seguinte moción:
MOCIÓN PARA INSTAR Á UNIÓN EUROPEA A DESVINCULAR O PREZO DO GAS DO DA ELECTRICIDADE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último informe da ONU, máis de 1.200 millóns de persoas no mundo (case un 20% da poboación) non teñen acceso a electricidade e case 3.000 millóns de persoas (un 40% da poboación) non teñen acceso a condicións adecuadas para cociñar. Nin auga, nin luz.

Ese problema non é afastado nin alleo á poboación do noso país. Segundo o III Estudio de Pobreza Enerxética da Asociación de Ciencias Ambientais (ACA) en España hai 5,1 millóns de persoas, un 11% dos fogares, que non poden ter quente a súa casa nos meses de inverno.

Pero que se entende realmente por pobreza enerxética? Hai unha definición oficial para pobreza enerxética e outra moito máis directa que nos afecta directamente como persoas consumidoras.

A primeira fala da situación na que se atopa un fogar no que as necesidades básicas de subministracións de enerxía non poden ser satisfeitas, como consecuencia dun nivel de ingresos insuficiente, e que pode ser agravada por dispoñer dunha vivenda ineficiente desde o punto de vista enerxético.

A segunda definición non se anda con tecnicismos e supón ter que elixir: levar unha alimentación adecuada ou quentar o fogar. Comida ou calefacción. Ducharse cada tres días. Vivir co medo de que che corten a auga ou o gas. Non acudir a unha entrevista de traballo por non sentirse digno ao non poder lavar a roupa. Prescindir de parte compra habitual, de produtos de primeira necesidade para poder pagar a factura da luz ou non poder acender a calefacción o tempo suficiente por medo a que non poidas pagar o vindeiro recibo do gas. Son exemplos reais. É o día a día da pobreza enerxética, unha das moitas caras que adopta a pobreza no noso país e que se acrecenta cada día que pasa sen conter os prezos da enerxía.

Desde que comezou a pandemia fíxose máis patente que o sistema de fixación de prezos eléctricos da UE é disfuncional. Desde o ano pasado os prezos da luz están disparados e a situación xeopolítica actual só serve para que estes aínda se incrementen máis.

O disparatado custo do gas, agora en prezos máximos como consecuencia da guerra en Ucraína, distorsiona o prezo da enerxía, e a pesar de que a enerxía producida mediante renovables, hidráulica e nuclear sae moito máis barata, o custo para pagar pola súa produción é o mesmo que o que se paga polo gas, os famosos WindFalls Profits ou beneficios caídos do ceo, como consecuencia do sistema marxinal de prezos.

Aínda así a Comisión Europa resístese a reformar un sistema contra-intuitivo que premia que a última tecnoloxía que entra a cubrir a demanda eléctrica dun país é a que marca o prezo do resto de tecnoloxías.

Pero, como funciona este sistema de fixación de prezos? A fixación de prezos no mercado almacenista de electricidade se leva a cabo a través dun sistema marxinalista, onde no mercadoponse a oferta por unha banda, é dicir a enerxía producida polos diferentes produtores de electricidade (nuclear, hidráulica, renovables, carbón, ciclos combinados, etc.) e a demanda polo outro, isto é, a demanda enerxética a cubrir do conxunto dos cidadáns e empresas do país.

A oferta ordénase por prezos empezando pola máis barata ata cubrir a demanda enerxética do momento. Se a tecnoloxía máis barata non cobre o total da demanda pásase á seguinte, e así sucesivamente ata que a demanda do país se vexa cuberta.

Evidentemente, a última tecnoloxía en entrar será a máis cara de todas as ofertadas, e aquí é onde está o quid da cuestión, que ao ser un sistema marxinalista implica que o prezo que se paga a todos os produtores de enerxía sexa o da última tecnoloxía que cubriu a demanda, neste caso o gas, co que á marxe da porcentaxe da demanda enerxética que o gas cubra -e hai días que o gas cobre menos do 10%- toda a enerxía dese día pagarase a ese prezo, independentemente do prezo ao que ofertasen inicialmente.

Este sistema foi imposto nunha época na que non había tantas renovables no sistema e, sobre todo, unha época na que non estabamos inmersos nunha pandemia e unha guerra onde intervén o principal subministrador de gas da UE. O paradoxo é que aínda que España é un dos países menos afectados pola dependencia europea do gas ruso, xa que a nosa subministración provén de Alxeria, si que nos vemos afectados polo sistema de prezos. A pesar de que o peso do gas no mercado eléctrico español non supón unha porcentaxe importante do consumo, arredor do 9%,

si que nos afecta á 100% a alza do seu prezo.

O sistema marxinalista actual é un sistema disfuncional que xa urxía reformar antes da guerra entre Rusia e Ucraína. Kadri Simson, comisaria europea de enerxía, en recentes declaracións, explicou que a crise con Rusia pode provocar problemas na subministración de gas e anticipou que para esta primavera queren presentar novas ideas para acelerar o auxe das renovables. Parece claro que para abordar esta nova crise, a solución estrutural máis importante ten que vir de Europa, pois dela depende a regulación do mercado eléctrico de acordo á Directiva (UE) 2019/944 e do Regulamento (EU) N° 1277/2011.

A independencia enerxética europea pasa polo impulso das renovables e o Pacto Verde. E todo iso ten que comezar cunha reforma que desvincule o prezo do gas da electricidade. Un sistema que provén das recomendacións das compañías enerxéticas nas normas de liberalización do mercado eléctrico e que, a día de hoxe, é a causa dun aumento desproporcionado do custo eléctrico ás familias e empresas españolas.

Pero ademais, este incremento está a supoñer un custo insostible ás arcas públicas nun intento infrutuoso de conter a alza dos prezos e protexer aos colectivos máis vulnerables, e que en febreiro xa supuxera para España un custo de 7.000 millóns de euros a nivel estatal, ou por dar unha cifra a nivel de Galicia: este ano destínanse 2,1 millóns de euros ao bono eléctrico para garantir o subministro eléctrico fogares máis vulnerables.

A propia Comisión Europea advirte que é "probable" que aumente a pobreza enerxética, que xa afectaba a máis de 35 millóns de persoas en Europa, e que, como consecuencia da alza de prezos da enerxía, produciranse despedimentos porque o sector empresarial non pode afrontar o custo desta subida.

De feito, a día de hoxe, máis da metade das fundicións europeas de Aluminio e Zinc están pechadas ou traballando en mínimos por non poder ser competitivas, e o máis dramático é que a propia UE considera que o peor está por chegar. Aínda que é certo que existen alternativas a medio/longo prazo, que pasan por acelerar o Pacto Verde Europeo, alcanzando a soberanía enerxética e deixar de depender do gas ruso, no curto prazo a única opción para rebaixar a factura eléctrica e a inflación é impedir que os prezos do gas repercutan no custo da electricidade que familias e empresas soportan.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación de Vilagarcía de Arousa os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Unión Europea a que de maneira urxente desvincule, polo menos temporalmente, o custo do gas do custo da electricidade con obxecto de rebaixar os sobre custos que soportan familias e empresas.
2. Dar coñecemento deste acordo tanto á Xunta de Galicia como á FEMP e ao Congreso dos Deputados.

En Vilagarcía de Arousa, a 10 de marzo de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para instar á Unión Europea a desvincular o prezo do gas do da electricidade.

Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PP, seguinte:

Engadir un terceiro acordo formulado nos seguintes termos:

3. Instar ao Goberno de España a acometer unha política de baixada de impostos enerxéticos que complete as seguintes medidas:

- Estender ata final de ano as seguintes medidas fiscais xa en vigor e que vencen en xuño: a suspensión do imposto sobre xeración do 7% e a redución do imposto especial eléctrico do 5,11% ao mínimo legal do 0,05%.
- Elevar á Unión Europea unha consulta para poder reducir de xeito análogo o IVE aos

hidrocarburos, para situalo tamén neste exercicio no tipo reducido ou superreducido.

- Reducir de forma inmediata o Imposto Especial aos Hidrocarburos aos tipos mínimos establecidos na Directiva Europea de Fiscalidade e que, complementariamente, se inste á Comisión Europea a que con carácter excepcional e transitorio acorde a suspensión temporal deses tipos mínimos, para así poder limitar de xeito significativo o impacto deste imposto no prezo final do gas e dos carburantes.

- Estudar a posibilidade de establecer un mecanismo para dar estabilidade no prezo eléctrico ás familias.

- Por parte da representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila non se acepta a emenda presentada polo grupo político municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1. Instar á Unión Europea a que de maneira urxente desvincule, polo menos temporalmente, o custo do gas do custo da electricidade con obxecto de rebaixar os sobre custos que soportan familias e empresas.

2. Dar coñecemento deste acordo tanto á Xunta de Galicia como á FEMP e ao Congreso dos Deputados.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA A DECLARACIÓN DE APOIO INSTITUCIONAL AO PERSOAL DE SEGURIDADE DO ISM DE BAMIO E COMPROMISO COA ACTIVIDADE DO CENTRO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 22 de marzo de 2002, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DE APOIO INSTITUCIONAL AO PERSOAL DE SEGURIDADE DO ISM DE BAMIO E COMPROMISO COA ACTIVIDADE DO CENTRO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Nacional de Formación do ISM de Bamio é, xunto ao de Isla Cristina en Huelva, un dos dous centros específicos habilitados polo Instituto Social da Mariña para o desenvolvemento dos plans de formación e promoción profesional das traballadoras e traballadores do mar, co fin de elevar o seu nivel de cualificación e competencia profesional.

Este centro aséntase sobre os terreos da antiga Escola de RENFE, cuxas edificacións foron construídas nos anos 50 do século pasado. Dita Escola de RENFE estivo en funcionamento ata o ano 1982, momento no que quedou deshabitada e sen actividade de ningún tipo. O Instituto

Social da Mariña (ISM) decidiu a adquisición das actuais instalacións no ano 1987, pensando nas prestacións que se poderían obter das mesmas ademais da súa inmejorable situación nunha Comunidade Autónoma, Galicia, e, en concreto, nunha comarca, a da Ría de Arousa, coa maior porcentaxe de traballadores do mar, afiliados ao Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do Mar. Tras a remodelación das instalacións, en setembro de 1992 inaugurouse como Centro de Formación Ocupacional Marítima cunhas Xornadas sobre Seguridade na Pesca, organizadas polo ISM xunto coa Unión Europea. Neste momento o Centro orientouse cara á formación marítima para traballadores do mar en desemprego, resultado de reconversións do sector e da perda de caladoiros na pesca de altura. Parte da actividade docente do curso ía dirixida a converter a estes tripulantes desempregados para traballos en terra, como soldadores, torneiros, frigoristas, caldeiros, etc. Como resultado das transferencias das políticas activas de emprego á case totalidade das comunidades autónomas con litoral, no ano 2005 o Centro debeu adaptar as

súas actividades formativas ás novas necesidades, dirixíndose preferentemente a traballadores en activo, con dous obxectivos principais:

1. Impartir aquelas competencias que se require aos distintos tipos de tripulantes dos buques previo ao embarque, esixida por organismos internacionais como a Organización Marítima Internacional ou a Unión Europea a través dos seus Convenios e Directivas respectivamente, dos cales España é signataria.

2. Posibilitar a formación continua dos devanditos traballadores para manter os seus postos de traballo actuais ou ben poder promocionar nos mesmos como consecuencia da formación recibida. Cumprindo necesariamente ambos os obxectivos cos estándares de calidade na formación marítima establecidos internacionalmente, buscando continuamente a excelencia.

De acordo con esta formulación establecida polo ISM, en maio do ano 2006, a Asociación Española de Normalización e Certificación, certifica que o Centro Nacional de Formación Marítima de Bamio dispón dun sistema de xestión da calidade conforme á Norma UNE-EN ISO 9001, para a impartición de Formación Non Reградa para o exercicio de profesións marítimas, que se xestiona a través do Dpto. de Calidade do mesmo. Adaptándose aos novos requirimentos, o Centro pasou a denominarse Centro Nacional de Formación Marítima de Bamio (CNFM Bamio), denominación que mantén na actualidade. Recentemente, no 2016, o centro foi certificado na área de residencia coa mesma Norma. Realízanse cursos e xornadas para outros organismos da Administración española relacionados co sector marítimo pesqueiro como a Dirección Xeral da Mariña Mercante, Inspección de Traballo, Servizo de Vixilancia Aduaneira, Garda Civil de Mar ou a Escola Naval Militar de Marín. Destacando numerosos cursos e xornadas de carácter internacional en colaboración, principalmente, coa Organización Internacional do Traballo e coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento sobre cuestións do sector marítimo pesqueiro para terceiros países.

Dende fai uns meses, os traballadores e traballadoras das compañías MERSANT VIXILANCIA S.L. e MERSANT SERVICIOS AUXILIARES S.L., que prestan os seus servizos no Centro Nacional de Formación de Bamio, veñen denunciando a falta de pagamento das súas nóminas por parte destas empresas, o que afecta os pagos correspondentes aos meses de decembro de 2021, xaneiro e febreiro de 2022, máis a paga extra correspondente a decembro.

Esta situación afecta a doce vixiantes contratados por MERSANT VIXILANCIA S.L. e a dous auxiliares de conserxería que prestan os seus servizos a través de MERSANT SERVICIOS AUXILIARES S.L., isto último desde o mes de decembro, no cal a anterior empresa subcontratada por MERSANT VIXILANCIA S.L., PRINTES SECURITY ADVICE, abandonou o servizo pola falta de pagamentos da primeira acumulados desde o mes de maio – aínda que esta empresa si cumpriu coas súas obrigacións co persoal contratado-, pasando a asumir os servizos a mencionada MERSANT SERVICIOS AUXILIARES S.L.

Esta situación afectaría a outros traballadores e traballadoras da empresa MERSANT VIXILANCIA S.L. que prestan os seus servizos en distintos centros de España. Dáse o caso de que a empresa MERSANT VIXILANCIA S.L. mantíña, a data 27/12/2021 unha débeda de 1.248.790,83 euros coa Axencia Tributaria. A iso súmase que a administradora única da empresa, Dña. Raquel Serrano, que creou a compañía en 2015, é esposa de D. Francisco Javier Cabrera, administrador único da empresa KAPPA VIXILANCIA E PROTECCIÓN S.L., que en 2016 entraba en concurso de acredores. Con data 01/07/2019 D. Francisco Javier Cabrera é inhabilitado e en sentenza firme é

declarado culpable polo XULGADO DO MERCANTIL N°1 de Sevilla. A débeda desta empresa coa Axencia Tributaria é de 3.644.925,97 euros.

O prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato suscrito polo Instituto Social da Mariña con MERSANT VIXILANCIA S.L. establece de maneira expresa o seguinte: "Condiciones especiales de ejecución de Contrato. Consideraciones de tipo social - El adjudicatario tiene la obligación de cumplir las condiciones salariales de los trabajadores conforme al respectivo Convenio colectivo sectorial de aplicación, así como el pago de las cuotas de Seguridad Social y de aquellas consideraciones sociales, laborales y ambientales que, como criterios de solvencia, de adjudicación o como condiciones especiales de ejecución se establezcan. Penalidad. En caso de incumplimiento de esta obligación, en virtud de lo previsto en el artículo 192 LCSP, conllevará una penalidad de 200 euros (doscientos) por cada día de incumplimiento."

A actual situación demostra que esta empresa non só incumpriría a normativa laboral vixente, senón o propio contrato de prestación de servizos. Segundo información solicitada, a empresa tamén incumpriría outras obrigacións subscritas no contrato, como a realización de auditorías ou a realización de actividades formativas aos seus traballadores e traballadoras. A acumulación de irregularidades por parte da empresa desaconsella, así, calquera tipo de prórroga ao contrato suscrito, mesmo a súa contratación nun novo proceso de licitación. Segundo a información solicitada polos traballadores da empresa, o contrato de servizos suscrito, que en principio cubriría a anualidade de 2021, sería prorrogado por parte do Instituto Social da Mariña para o exercicio 2022.

O punto 22.4 do documento PLIEGO TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABRÁ DE REGIR PARA LA CONTRATACIÓN DE SERVICIOS. PROCEDIMIENTO: ABIERTO Y ABIERTO SIMPLIFICADO di o seguinte: "Asimismo, y sin perjuicio de la aplicación, en su caso, de lo establecido en el artículo 44 del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015 de 23 de octubre, será obligación del contratista responder de los salarios impagados a los trabajadores afectados por subrogación, así como de las cotizaciones a la Seguridad Social devengadas, aún en el supuesto de que se resuelva el contrato y aquellos sean subrogados por el nuevo contratista, sin que en ningún caso dicha obligación corresponda a este último. En este caso, el ISM, una vez acreditada la falta de pago de los citados salarios, procederá a la retención de las cantidades debidas al contratista para garantizar el pago de los citados salarios, y a la no devolución de la garantía definitiva en tanto no se acredite el abono de estos."

O artigo 211 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 di así: "Artigo 211. Causas de resolución. 1. Son causas de resolución do contrato: (...) i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato."

Segundo detallan representantes do persoal, a falta de pagamento de nóminas aos traballadores e traballadoras que prestan servizos no Centro Nacional de Formación de Bamio resulta algo recorrente no tempo. Durante 3 décadas foron ata 10 as empresas contratadas para a prestación destes servizos. Os traballadores e traballadoras tiveron que realizar demandas xudiciais contra 8 delas para cobrar os seus salarios de maneira adecuada, o que relacionan coa prioridade que se dá na contratación pública a aquelas ofertas máis vantaxosas no económico, o que normalmente redunda no empeoramento dos servizos e das condicións laborais dos persoais.

Tras diversas denuncias do persoal sobre a situación de impago que comprende a diferentes centros do ISM en todo o territorio estatal e a apertura de distintos expedientes por infracción grave por parte da inspección de traballo, segundo nos informan, o ISM iniciou o trámite para rescisión do contrato a MERSANT, comunicando este feito por burofax á empresa o pasado 28 de febreiro. Entendendo que este paso era imprescindible para atallar a situación insostible que están a vivir os traballadores e as súas familias, de momento, estas continúan sen percibir os seus salarios e o cobro das nóminas pendentes. Ademais, ante a falta de información, viven unha situación de incerteza sobre o futuro dos seus empregos, ao non coñecer os próximos pasos do ISM para garantir os postos de traballo e o pago dos salarios pendentes. A isto hai que sumar a falta de información respecto á programación da actividade formativa do centro de Bamio para

este ano 2022. Debemos recordar que esta xa se viu moi reducida pola pandemia, resultando que este ano 2022 debería ser o da recuperación dunha actividade que, non só xera postos de traballo adicionais por mor do persoal de cociña e formativo que precisa o centro cando está aberto, senón que, ademais, supón un rego de visitantes que contribúen ao impulso económico e de coñecemento da nosa vila. Pero non queremos deixar de salientar a vinculación simbólica que supón o Centro Nacional do ISM de Bamio tanto co mar e as actividades e cultura mariñeiras, como coa nosa historia, ao permitir que o carácter pedagóxico da antiga Escola de Renfe continúe vivo a través do mar.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1.O apoio incondicional desta corporación aos traballadores e traballadoras do Centro Nacional de Formación do ISM de Bamio que prestan servizo a través da empresa MERSANT VIXILANCIA S.L. e MERSANT SERVIZOS AUXILIARES S.L. en situación de impago de nóminas e de incerteza polo futuro dos seus postos de traballo.
 - 2.O compromiso desta corporación coa actividade do Centro Nacional de Formación do ISM de Bamio e a súa posta en marcha á maior brevidade posible durante este ano 2022.
 - 3.Brindar toda a axuda e colaboración ante Instituto Social da Mariña, Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e Delegación do Goberno, aos traballadores e traballadoras do Centro Nacional de Formación do ISM para, á maior brevidade posible, acadar unha resolución desta situación que pase polo cobro íntegro dos salarios pendentes e o mantemento dos postos de traballo.
 4. Instar ao ISM, dentro do exercicio das súas competencias, a executar-en caso de non telo realizado- as cláusulas especificadas no punto 22.4 do prego de contratación, co fin de garantir os salarios pendentes ante o incumprimento contractual por parte da empresa.
 - 5.Dar traslado destes acordos ao Instituto Social da Mariña, Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e Delegación do Goberno.
 - 6.Informar debidamente ao persoal das xestións realizadas e avances acadados.
- En Vilagarcía de Arousa, a 22 de marzo de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión Informativa informase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a declaración de apoio institucional ao persoal de seguridade do ISM de Bamio e compromiso coa actividade do Centro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

- 1.Manifestar o apoio incondicional desta corporación aos traballadores e traballadoras do Centro Nacional de Formación do ISM de Bamio que prestan servizo a través da empresa MERSANT VIXILANCIA S.L. e MERSANT SERVIZOS AUXILIARES S.L. en situación de impago de nóminas e de incerteza polo futuro dos seus postos de traballo.
- 2.Manifestar o compromiso desta corporación coa actividade do Centro Nacional de Formación do ISM de Bamio e a súa posta en marcha á maior brevidade posible durante este ano 2022.
- 3.Brindar toda a axuda e colaboración ante Instituto Social da Mariña, Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e Delegación do Goberno, aos traballadores e traballadoras do Centro Nacional de Formación do ISM para, á maior brevidade posible, acadar unha resolución desta situación que pase polo cobro íntegro dos salarios pendentes e o mantemento dos postos de traballo.
4. Instar ao ISM, dentro do exercicio das súas competencias, a executar-en caso de non telo realizado- as cláusulas especificadas no punto 22.4 do prego de contratación, co fin de garantir os salarios pendentes ante o incumprimento contractual por parte da empresa.

5. Dar traslado destes acordos ao Instituto Social da Mariña, Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e Delegación do Goberno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN REFERENTE AO TRASLADO DA ESO E BACHARELATO DO IES FERMÍN BOUZA BREY: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de 31 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 22 de marzo de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Supresión da ESO e Bacharelato no IES Fermín Bouza Brey
Exposición de Motivos.

A Consellería de Educación ven de anunciar a transformación di IES Fermín Bouza Brey do Piñeiriño nun CIFP para o vindeiro curso, o que debera ser unha boa nova, é de facto un novo recorte educativo para o concello de Vilagarcía e nomeadamente para o barrio do Piñeiriño.

Un barrio esquecido por todas as administracións non pode permitirse que un dos seus maiores atractivos, a existencia de toda a oferta educativa en un radio de poucos metros, desapareza por unha decisión mal meditada por parte da Xunta de Galicia.

A partir do vindeiro curso o conxunto da veciñanza non poderá levar aos seus fillos a ESO ou Bacharelato no propio barrio, se non que terá que desprazalos a varios quilómetros de distancia, supostamente en transporte público, contradecendo a política de mobilidade que supostamente defende o goberno local, como conxuga coa aposta por evitar os vehículos que os máis de trescentos alumnos que agora acudían ao centro teñan que facelo o vindeiro ano en transporte público ou privado, como se conxuga coa inauguración dunhas vías ciclistas que xa nin sequera unen o centro de Vilagarcía cun barrio dotado de centro público de ensino secundario.

A decisión é un erro, pero ademais as formas utilizadas non foron as correctas, o ano pasado dende a consellería prometeron diálogo, pero hoxe so podemos afirmar que o diálogo se transformou en política de feitos consumados, furtando a negociación e anunciando a medidas con apenas unha semana de marxe para que os pais decidan o centro onde matricular as súas fillas. Opción de centro que ademais é mentir xa que no centro alternativo non existen prazas dispoñibles, e este cambio vai afectar ademais ao mapa escolar do conxunto do municipio.

É un erro porque reducimos un centro de ensinanza secundaria, que as familias elixiran, entre outras cousas, polo seu tamaño, hoxe a alternativa será un centro masificado.

É un erro porque non existe garantía de mantemento da promesa de transporte público para os escolares, e sobre todo porque se descoñecen os horarios e itinerarios deste transporte público, cando as familias xa tiveron que tomar a decisión de matricularse en un ou outro centro.

É un erro porque Vilagarcía perde un centro de secundaria sen que ninguén diga nada, excepto as familias afectadas, baixo a promesa dun novo centro integrado de FP, ninguén pensou que non é de recibo crear un novo centro de FP integrado a partir dos apaños nun centro xa existente, non sería mellor un novo centro, sen as limitacións de transformar un antigo.

Vendesenos unha melloría que será un apaño.

É un erro, porque a pouca planificación garante un caos no comezo do novo curso, no novo centro de FP integrado e no centro que acollera o alumnado do Bouza Brey.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda

Primeiro.- Trasladar a Xunta de Galicia

- O desacordo desta corporación, co traslado da ESO e Bacharelato do IES Fermín Bouza Brey.
- A esixencia de que a Xunta traslade toda a información as familias afectadas, en canto ao contido do transporte escolar prometido, con horarios e rutas, e sobre todo co mantemento da promesa como medida definitiva e o resto de información necesaria que garanta un inicio de curso escolar sen ningún tipo de problema derivado desta improvisación.

- A necesidade de mudar a decisión, de forma que se cree un novo centro de Formación profesional integrada en Vilagarcía, coa construción dun novo espazo para este fin.

Segundo.- trasladar o acordo aos grupos políticos do Parlamento Galego e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional .

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común referente ao traslado da ESO e Bacharelato do IES Fermín Bouza Brey.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con un voto a favor do Concelleiro pertencente ó grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1) e dezaioito votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común referente ao traslado da ESO e Bacharelato do IES Fermín Bouza Brey.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- COMPARECENCIA DA 1ª TENENTE DE ALCALDE, DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN, SOLICITADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN:

Dáse conta do acordo do Pleno Ordinario de 24 de febreiro de 2022 de aprobación da comparecencia da 1ª Tenente de Alcalde, a petición do grupo político Municipal de Vilagarcía en Común.

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Solicitude de comparecencia da primeira tenente de alcalde, Tania García Sanmartín .

Durante o pleno celebrado o pasado 13 de xaneiro, a voceira do grupo de Goberno informou da existencia e posterior remisión a Xunta de Galicia no mes de xuño, dun informe de tráfico que validaba, en termos de tráfico, a ubicación do novo centro de saúde nos terreos da actual comandancia, tendo en conta o afirmado pola consellería durante esta semana, onde se expresa a inexistencia de dita comunicación, parece que estamos ante o nacemento do Watercomandacia, polo que compre dar luz sobre o realmente acontecido.

En que data foi remitido o informe da policía local a Consellería de Sanidade, de ser así pode chegar xustificante da remisión do mesmo?

Cree o goberno local que o informe entregado ao conxunto da oposición o pasado 1 de febreiro é asimilable ao estudo de mobilidade que require o convenio coa administración autonómica?

Vai ser a súa forma de relación coa oposición, mentir en pleno ou publicamente, sobre informes que, ou non existen como o caso da praza de abastos, ou non foron remitidos a onde se dixo coma neste caso?

Cree vostede que está en condicións de garantir que se cumpra o convenio neste punto?

Pode supoñer este desencontro entre ambas administracións un problema para execución do centro de saúde?

Que papel está a xogar en este tema, a concelleira delegada de Sanidade, tiña coñecemento esta concelleira do informe e a súa situación?

Vai realizar o goberno local un estudo de mobilidade sobre ese espazo?

Pola Sra. García Sanmartín respondese ás preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

- En primeiro lugar respondense as preguntas formuladas no pleno anterior.

- As preguntas formuladas no presente pleno responderanse no próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas asistentes como público non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220331&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.